

BORRADOR DO TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIAS DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

O texto da vixente Ordenanza, previo á modificación, pódese consultar no Boletín Oficial da Provincia nº 126, do luns, 10 de agosto, do 2020, o una ligazón:

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/08/10/2020_0000005458.pdf

Proponse a modificación dos seguintes preceptos:

- a) Modificación do art. 5.1.: Insértase un novo cadro de tarifas, substituindo ás precedentes:

DOMÉSTICO		ABASTECIMENTO	SANEAMENTO	DEPURACIÓN	TOTAL
FIXO / € / Trimestre		3,42 €	1,71 €	2,68 €	7,81 €
BLOQUE 1	0 ≤ C < 18 m ³ /Trimestre	0,301 €/m ³	0,0976 €/m ³	0,1871 €/m ³	0,5857 €/m ³
BLOQUE 2	18 ≤ C < 36 m ³ /Trimestre	0,3254 €/m ³	0,179 €/m ³	0,358 €/m ³	0,8624 €/m ³
BLOQUE 3	36 ≤ C < 60 m ³ /Trimestre	0,3905 €/m ³	0,2197 €/m ³	0,4312 €/m ³	1,0414 €/m ³
BLOQUE 4	60 ≤ C < 90 m ³ /Trimestre	0,5288 €/m ³	0,2278 €/m ³	0,4638 €/m ³	1,2204 €/m ³
BLOQUE 5	C ≥ 90 m ³ /Trimestre	0,5695 €/m ³	0,3254 €/m ³	0,6509 €/m ³	1,5458 €/m ³
NON DOMÉSTICO		ABASTECIMENTO	SANEAMENTO	DEPURACIÓN	TOTAL
FIXO / € / Trimestre		3,91 €	1,87 €	3,17 €	8,95 €
BLOQUE 1	0 ≤ C < 18 m ³ /Trimestre	0,3498 €/m ³	0,1546 €/m ³	0,3092 €/m ³	0,8136 €/m ³
BLOQUE 2	18 ≤ C < 36 m ³ /Trimestre	0,3905 €/m ³	0,2766 €/m ³	0,537 €/m ³	1,2041 €/m ³
BLOQUE 3	36 ≤ C < 60 m ³ /Trimestre	0,4068 €/m ³	0,3254 €/m ³	0,6509 €/m ³	1,3831 €/m ³
BLOQUE 4	60 ≤ C < 90 m ³ /Trimestre	0,5532 €/m ³	0,4068 €/m ³	0,8136 €/m ³	1,7736 €/m ³
BLOQUE 5	C ≥ 90 m ³ /Trimestre	0,7322 €/m ³	0,4882 €/m ³	0,9763 €/m ³	2,1967 €/m ³

- b) Modificación do art. 5.4: Dase nova redacción ao apartado 4:

<<4.- Para a execución de proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios que figura na "Base de prezos oficiais da construción de Galicia" do Instituto Tecnolóxico de Galicia, vixente en cadanseu momento, reducidos nun 20 %, consonte á cláusula 32.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do servizo, e actualizado nun 1,7 % (aplicación dun coeficiente 1,017) tras da revisión de prezos operada no ano 2020. Os ditos prezos poderán ser actualizados ou complementados por acordo do Pleno do Concello, establecendo prezos específicos que se incorporarán como Anexo á presente Ordenanza. No caso de que, para un suposto concreto, non existira prezo de referencia na dita base de prezos, poderá utilizarse outro método, previo informe do técnico municipal competente, para establecer o prezo de mercado do concreto elemento non previsto, que se reducirá do mesmo xeito ao previsto con anterioridade, coa súa actualización nas sucesivas revisións do prezo do contrato.>>

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp.2020/G0014/000001

CVD: Apw4oWty+VQP90Ln4BYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)